


AUNIOS

Nº 22

ABRIL 2017



ASOCIACION CULTURAL

Pineiróns





A IGREXA VELLA DA ILLA DE ONS

Por: Arturo Sánchez Cidrás

Falar da Illa de Ons é falar da memoria entrelazada no tempo onde, ao igual que os seus moradores, xurdía e desaparecía silandeiamente. Agora témola máis fresca grazas a persoas como Salustiano Portela, Álvaro de las Casas, Celestino Pardellas, Asociación Pineiróns, María A. e Santiago Castroviejo, Staffan Mörling, Paula Ballesteros, Lino Pazos, Fernando Alonso, Adán, Susi, articulistas de Aunios e tantos outros que se preocupan de documentar non só as cadernas e banceiras dese barco ancorado fronte á costa galega senón tamén as súas raíces e o seu espírito cicelado polo mar e o illamento.

Bebendo no rego da tinta de moitos deles e salpicándoos cun pouco de salmoira arquivística quero concentrar o que se coñece sobre a(s) capela(s) antiga(s) de Ons.

Se exceptuamos as referencias ao bispo Consencio¹ a inicios do s.V, a primeira mención da existencia dunha igrexa na illa de Ons témola documentada no Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela. Data do ano 899 cando o rei Alfonso III fai unha doazón das illas da costa galega coas súas pertenzas ao Cabido Compostelán². No caso da illa "Aones" ou Ons ven referenciada coa súa igrexa baixo a advocación de San Martiño³.



Ao longo do tempo varias son as mencións dalgún elemento relixioso en Ons e algunhas das cales suxiren a existencia de monxes na illa. Con respecto a isto Lino Pazos⁴ achéganos varias citas abondando na existencia de mosteiro en Ons, entre elas, as de Frei Martín Sarmiento⁵, de Hipólito de Sa ou a de Salustiano Portela, etc. Salustiano Pazos escribe ao respecto: "*Tamén persiste alí a tradición dun cenobio, en pasados séculos, sen dúbida o que aínda existía no XV, con indicación de lugar de emprazamento e engadidos de lenda popular*"⁶.

Como resumo de todo o abano escrito en canto a construción monacal en Ons temos os artigos de Celestino Pardellas saídos no xornal A Comarca do Morrazo⁷ onde se pode ler: "... monxes beneditinos que se recollían á soidade da Illa para meditación e repouso, e doutros monxes que periodicamente se achegaban a ela para a recolección de froitos. Hai referencias da existencia dunha igrexa na que se reunían á hora dos Divinos Oficios e que realizaron algún tipo de construción para a súa estadia na illa.

Posiblemente, pertencentes a estas construcións monacais, son as pedras moi ben traballadas, e ata con algunha inscrición, que se atopan espalladas por piornos, cortellos, casas e polos muros dalgúns leiras."

A través de causas xudiciais abertas, por ser sorprendidos cazando de forma furtiva, hai constancia documental da existencia de eremitas na illa de Ons. Como é de supoñer faríano para sobrevivir nunha paraxe difícil como é unha illa pequena. A primeira denuncia coñecida contra un ermitán foi interposta o 27 de outubro de 1584 ante o xuíz de Cangas polo tamén xuíz "*de residencia da illa e freguesía de St^a María de Dons*", en nome do seu amo Antonio Sarmiento de Montenegro, por "*ir a cazar á illa pequena [Onza] con lazo e esparrela*"⁸.

A primeira vez que a illa aparece como parroquia é no 1587, o que non quere dicir que o fose, ou polo menos así non consta en séculos posteriores. O motivo polo que chegou ata nós información da existencia da igrexa, da advocación da mesma –St^a María de Ons– así como o nome do párroco –Jorge da Millara– é "*en virtude de querrela criminal [...] ante Antonio Sarmiento de Montenegro Sor.*

¹ López Ferreiro, Antonio. Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo I páx. 387 Santiago. 1898. Consencio, bispo da Sede por Caldas de Reis, ao que atribúen a posibilidade de que morara na illa de Ons, o que suporía unha estrutura eclesial da que, de ser certo, non quedou constancia algunha. Consencio ou Cosencio, como recolle Monseñor Teófilo Ayuso Marazuela no seu libro "La Vetus Latina Hispana: Prolegómenos, T.I, páxina 490, reflicte a súa correspondencia epistolar con San Agustín.

² Recollido tamén por López Ferreiro do Arquivo Catedralicio de Santiago no Tombo A. folios 4 v. e 5 v. As confirmacións da doazón en reinados posteriores tamén no mesmo arquivo e documento pero folios 6 e 12.

³ Hai moitos anos tiven una referencia da pertenza da illa, no cido relixioso, a San Martiño de O Grove. O tempo 'traspapelou' a anotación e encargouse de borrar a cita da memoria. Polo que de agora coñezo, non lle pode dar ningunha credibilidade.

⁴ Lino Pazos Pérez. "Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas". Deputación de Pontevedra. 1999. Páx. 64.

⁵ Frei Martín Sarmiento en "Viaxe a Galicia 1745", folio 106 r. No folio 120 v. vólvese a mencionar un testamento dado en Santa Clara no 1420: "Débese coñecer se alí, igual que nas de Ons e nas de Tambo houbo de tempo antigo mosteiro; pois do mesmo testamento consta que había relixiosos en Tambo, Dons e Sias, e serían da nosa orde [beneditino]".

⁶ Salustiano Portela Pazos "Apuntes para la Historia de la Isla de Ons". Cuadernos de estudios gallegos. Tomo XXVII de 1954. Páx.-36-37.

⁷ Pardellas, Celestino, "A Illa de Ons: arquitectura e destrución urbanística (I)" "A Comarca do Morrazo 16-29 de novembro de 1996


⁸ Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobreza. No Arquivo dos Marqueses de Mos – n^o 77 (1584). Neste mesmo arquivo hai outra denuncia contra un ermitán no ano 1605 pero este ermitán, chamado Antonio Díaz, érao da ermida de San Fins (Pontevedra) e non residía na illa de Ons senón que ía a ela a pastar ilegalmente gando vacún e equino.

de ditas Illas, feudatario da Igrexa de Santiago” contra dous fregueses seus por tratalo mal de palabra e obra⁹ (Salustiano Portela:1954; 43).

Uns anos despois, no 1594, o cura de Leiro (Rianxo), Amaro González, di que “había moitos ladróns corsarios e luteranos, que roubaban canto atopaban así de barco, como dos demais [...] Neste tempo saqueouse a illa de Hons, e decían queimaran a igrexa dela, mais non fixeron mal aos veciños senón levarlles seus gandos e bens” (Salustiano Portela:1954; 46)

E así chegamos a 1752 que no Real de Legos do Castro de Ensenada¹⁰, correspondente á Xurisdición da Lanzada aparece a Illa de Ons como unha freguesía anexa a S. Estevo de Noalla:

“ILLA DE ONS: Nota N^o 12. Que é pertencente a esta Xurisdición e seu termo a Illa nomeada de Ons, que se atopa situada no mar de Lanzada, á embocadura á Ría de Pontevedra, e á P(oniente) á freguesía de Sn Hesttevan de Noalla, que é a terra firme máis inmediata,



Mapa no Catastro de Ensenada. Real de Legos. Xurisdición Lanzada. AHPP L-117

a distancia de media Legua de mar cuxa Illa, segundo tradición xeralmente recibida e derivada de pais a fillos, foi poboada e constituía unha freguesía anexa a esta Xurisdición a cuxa Parroquia, e doutros edificios se conservan actualmente os vestixios e monumentos; e terá de N(orte) a S(ur) unha legua de lonxitude, de L(este) a P(oñente). un carto de Lonxitude, e de Circunferencia dúas Leguas e media; Como terreo está inculto, e parte do solo produce pasto, de que se aproveitan promiscuamente todos os veciños naturais e forasteiros que queren botar nela os seus gandos mulares e cabalar; deixando de executalo cos lamares e vacúns, polo risco de que os extraían e rouben as embarcacións inimigas que soen ampararse de dita Illa para facer auga, e este mesmo risco foi motivo de que os poboadores antigos a abandonasen; e parte tamén produce toxo de que se utilizan cantos queren colleto, así os veciños deste Partido como os que viven na ouïtra banda do mar na Península de Morrazo, Xurisdición de Cangas y en cada ano poderá render dous mil carros de dito toxo.

Inmediata a esta Illa e ao medio dela hai outro Illote nomeada a Onza situada case no medio da embocadura de dita Ría de Pontevedra e terá un cuarto de Legua de Circunferencia cuxo terreo é o máis del quebrado e rochoso, e solo ten tal cual Mancha en Campo que produce Pasto para algún Gando mular que queiran os donos levar a ela; segundo todo resulta das respostas Xerais dos Peritos á pregunta 12 do Interrogatorio, e posuír esta Vila e Porto de Sanxenxo a Capital desta Xurisdición pareceu convinte notar no Libro da súa Operación a situación de ditas Illas, para os fins que poidan conducir; e se deixou de executalo nos emolumentos do Común porque as referidas Illas e as súas Utilidades non son da particular pertenza desta freguesía senón de toda a xurisdición e aínda doutras forasteiras. Como queda exposto.”

Terán que pasar cincuenta anos, para que a Xunta de Armamento e Defensa da provincia de Santiago decida facer unhas construcións defensivas¹¹ e así protexerse do invasor francés. “Salvador López Gil, cura de Sanxenxo e Comisionado pola Xunta Superior do Reino para a fortificación das illas de Ons e Onza”¹² sería o verdadeiro ideólogo da repoboación e aluguer da illa para facer fronte aos gastos das obras. Entre estas obras propuxo arranxar o que quedaba da antiga igrexa coa fin de que se “asegure no sucesivo a utilidades dos novos poboados”¹² de traballadores-colonos.

Con posterioridade, por unha Real Disposición do Cabido Catedralicio de outubro de 1833, reconécese de novo que hai obras comezadas, “por conta do fondo de accionistas”¹³ entre as que se contaba unha capela.

O 31 de xullo de 1837 adscribíse a Illa de Ons ao concello de Sanxenxo e non “teñen igrexa nin ningunha crás de santuario” (Xosé Fariña Jamardo: 1990;136). Nesa data a mesma Deputación lle pide ao alcalde de Sanxenxo lle manifeste a parroquia do Continente máis cerca da illa, e a que deba considerarse engadida no espiritual...

No que atinxe á igrexa da Illa¹⁴ ao ano seguinte atopamos unha nova referencia do seu estado xa que se “conserva case medio edificio da igrexa co altar que a pouca costa lle pon corrente o titulaba S. Martin de Ons, Presentación do Ilustrísimo Cabido”¹⁵ polo que nos atopamos a 22 de xaneiro de 1838 cunha carta do monxe bicito exclaustro Frei Manuel Mos “solicitando o seu permiso para facer e bendicir unha capela na Illa

⁹ Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobreza. No Arquivo dos Marqueses de Mos – n^o 77 (1587-1588)

¹⁰ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Catastro. Sinatura L-117. Catastro de Ensenada. Real de Legos. Xurisdición da Lanzada. 1752


¹¹ Obras que non chegaron a rematarse. Unha estaba no lugar de Pereiró e a outra coñecido como castelo da Roda, que aínda se pode ver a súa contorna, no de Curro.

¹² Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela (ACS). Mazo 423. Ano 1810.

¹³ Os ‘accionistas’ son os subscritores de accións (1810) para poder executar a fortificación da Illa “para defensa de la Patria” así como outras edificacións complementarias aos que se lles compensaría con aforamentos. Ao non conseguirse a cantidade de diñeiro ao través do accionariado precisa para a realización das obras é polo que se rotularon terras por parte destes e o Cabido, como dono e señor, pensaba alugar terreos poñendo una serie de condicións.

¹⁴ Localizada na ladeira do barrio de Canexol a menos de 300 metros do castro “Castro dos Mouros”.

¹⁵ Nótese que a advocación volve a ser a de San Martín. Carta ao arcebispo do cura párroco de San Estevo de Noalla (Sanxenxo), Manuel Antonio Álvarez. Arquivo Diocesano. Cartafol 60 (antes Mazo 1141)



Mapa no Catastro de Ensenada. Interrogatorios. Xurisdición Lanzada. AHPP C-548

de Ons para dicir o St^o sacrificio da Misa, a cuxo punto penso trasladarme polos intereses que necesito neste tempo de orfandade, o que non deixará de ser útil aos mesmos insulares pola súa incomunicabilidade que lles ocasiona o mar”¹⁶.

Para tomar unha decisión sobre este asunto o arcebispo solicitou dalgúns párrocos coñecedores da realidade de Ons ou coñecedores do freire para que lles transmitira as súas impresións e coñecementos sobre o tema.

O primeiro que respondeu foi o párroco de Noalla (xa citado anteriormente-nota 15) e no relacionado a que parroquia pertence Ons resposta: “dise que desta parroquia referida de Noalla”. E ante se é necesario ou non permitir edificar a igrexa e manter un cura (neste caso o freire) “constitúíuse o ano pasado alí un almacén¹⁷ que subsiste e atraerá alí moitos operarios todos carecen de misa e do máis que poda ofrecerse...”

Logo sería o cura de Beluso, Eugenio Adrán (21-2-1838) que polo seu interese transcribo na súa totalidade:

“Que a Illa de Ons estivo sen habitantes dende fai moito tempo ata o ano de oitocentos nove en que algúns labradores da parroquia de St^a M^a de Beluso, e outras parroquias pasaron a cultivar nela algún que outro permanecerá alí; pero todos os demais se deteñen o tempo que necesitan para cultivar e recoller os seus froitos e logo se veñen aos seus propios fogares; tamén o fan, e o mesmo os que alí se fixaron, todas as veces que lles acomete algunha enfermidade para coidarse e recibir o pasto espiritual dos seus respectivos párrocos e noutras varias ocasións, a cuxo efecto, polo menos os desta parroquia teñen alugado un barco que pasa a dita illa todas as semanas. Non hai dúbida que a maior parte dos expresados cultivadores pasan a mes e aínda a meses naquel punto sen o Sto. Sacrificio da Misa. Non obstante respecto á solicitude que motiva o sobredito oficio non son capaz de calcular as vantaxes e os prexuízos que poida orixinarse da súa concesión xa por arte do señorío que se casa con algún dereito de intervir directa ou indirectamente, xa dos párrocos cuxos cultivadores sexan propios fregueses e especialmente de aquel que polo seu ministerio corresponde a xurisdición da Illa, xa por outras razóns que alcanzarán a penetración dos Sres Gobernadores, e as que acaso tería presente noso Excmo. e dignísimo Prelado cando na visita deste partido habéndolle chamado a atención sobre o particular algúns Srs Párrocos, segundo o oído, nada resolveu. Non puiden pescudar con certeza a que parroquia pertence a Illa. Só por tradición se sabe que unha imaxe de Nosa Señora que se atopa nesta igrexa no altar colateral do evanxeo veu da antiga igrexa da Illa, e era a súa patroa coa advocación de Santa María de Ons igualmente que veu a pila bautismal da expresada antiga igrexa, e a que hoxe sirve nesta p^o a auga bendita entrando pola porta principal á man esquerda o que da fundamento a crer o que a referida igrexa da Illa era agregada a esta ou polo menos que suprimida no seu distrito da xurisdición do párroco que o sexa desta”.

Tres días despois recíbense no secretariado da cámara do arcebispado de Santiago a contestación por parte do cura de Bueu, Andrés Pérez Lapido. As respostas son case calco da dadas polo cura de Beluso:

“Informado lle adxunto oficio que V. se serviu dirixirme procuo informarme de varios suxeitos que puidesen orientarme do que dito oficio manifeste. [...]”

Non obstante respecto á solicitude que motiva o citado oficio non son capaz de calcular as vantaxes ou prexuízos que puideran orixinarse da súa concesión xa por parte do Señorío que se crea con algúns dereitos de intervir directa ou indirectamente cuxo preito se está ventilando polo Sr. Marqués de Valadares na Audiencia da Coruña y xa dos párrocos, cultivadores sexan propios fregueses, e particularmente de a quen pertence a Illa e xa por outras razóns [...] No puiden pescudar con certeza a que parroquia pertence a Illa; só souben de suxeitos de moita idade que por tradición se dicía cunha pila de auga bendita que hoxe hai na parroquia de St^a M^a de Beluso viñeira da Pila de Ons, así tamén como a imaxe da Nosa Señora que se di que foi a Patroa de St^a M^a de Ons na illa, que está colocada ao lado do evanxeo, coa devoción da Virxe do Carme na referida igrexa de Beluso...”

Interesante foron as respostas ás preguntas polo monxe exclaustrado, por se Ons fora ou non parroquia, etc. dadas no mes de marzo dese mesmo ano de 1838 polo cura de Vilaboa, José Quirós y Araujo:

“... Noutro tempo houbo alí Igrexa bastante cómoda; aínda subsisten as súas paredes medias derrubadas; e sobre a porta maior se len estas palabras =Santa María=

Uns informantes me din non teñen noticias seguras se é parroquia; e quen era o seu Patrón ou Presentador; outros din que a Pila Bautismal de alí se atopa na Parroquia de St^a María de Beluso; outros din que está na parroquia de Portonovo; de todas maneiras esta aquí ou alí a Pila Bautismal, se da coñecer que era Parroquia.

Por outro conduto souben que a presentación de aquela correspondía ao Sr. Marqués de Valadares, quen se atopa na actualidade disputando o seu dominio temporal...”

Logo fai un alegación para que no se lle permita ao monxe edificar igrexa e ter parroquia nos seguintes termos:

“... sen embargo se a solicitude do P. Mos é piadosa, el non é acredor deste encargo nin capaz de dar o paso espiritual con edificación porque segundo meu informe, é criatural e residente á parroquia de Cesantes do bispado de Tui, non ten ansias de confesar; e está celado e oficiado polo seu Prelado é bastante bulicioso.”

Como curiosidade dicir que por estas datas, 8 de xaneiro de 1841 nace a primeira insular que sería bautizada na parroquia de Beluso.

No 1842 o presidente da Deputación recibe unha carta asinada por 30 persoas da illa de Ons para queixarse dos inconvenientes que supón para eles que Ons estea adscrito a Sanxenxo. A carta estaba asinada en Beluso.

Con respecto á opinión dos moradores da illa no que atinxe a se querían ou non que houbera parroquia en Ons vézolo claramente reflectido, entre outras cousas de interese, noutro informe ao arcebispado, do párroco de Vilaboa, en outubro de 1847:

“... Teñen unha lancha ben aparelhada que existe na mesma Illa; e se pon no peirao antes de nacer o sol todos os días de precepto para recibir as xentes e conducila a Beluso con obxecto de que oían misa como o verifica. O Marqués adoptou este medio para que facilmente poidan gozar dos auxilios espirituais xa que os poucos moradores que na Illa hai, e os cultivadores eventuais ata agora protestaron que non consentirían que se fundase alí parroquia porque no queren desprenderse das freguesías á que pertencen fóra da

¹⁶ Carta ao arcebispo. Arquivo Diocesano. Cartafol 60 (antes Mazo 1141)

¹⁷ Fai referencia á salga que en 1837 fixera a residente na Praia de Beluso, M^a Rosa Aballe. Artigo que pode lerse na revista Aunios n^o 19 páx. 9-14, nas webs que se redireccionan desde <http://bueu.ga> ou xa directamente ao artigo en <https://goo.gl/EDDbsJ>



2004-Capela antiga de Ons. Foto: Afonso Fernández

illa, nas que recibiron o bautismo, compren co precepto pascual e se casaron, teñen enterrados os restos mortais dos seus maiores. [...] e ultimamente a idea de instabilidade que atormenta aínda aos que con máis resolución determinaron fixarse e que levan na illa algúns anos porque recordan ouvir aos seus maiores que nela houbo no antigo moradores e poboación e xuíz e párroco que nomeaba e presentaba o posuidor da casa que hoxe é do Sr. Marqués de Valadares, e que desapareceron permanecendo a Illa por moitísimos anos sen cultivadores e sen chozas nas que resgardar o que a ela aportaban."

Logo di que a illa non conta con 7 veciños, como dicía o Secretario do arcebisado (recollido doutras fontes), senón:

"No día e ata agora con máis ou menos anos de permanencia solo hai trinta e seis moradores que teñen na súa compañía ás súas familias cuxos fillos se bautizan na súa igrexa e eles se casan nas súas respectivas parroquias..."¹⁸

Dúas semanas despois o Marqués de Valadares envía ao Arcebispo de Santiago unha carta dicíndolle que vendo a escrita do párroco de Vilaboa (do 8-10-1847) está de acordo con ela e lle manifesta a súa:

"... disposición á edificar unha capela de capacidade suficiente para conter máis da poboación existente, e a buscar e establecer ali un eclesiástico pola retribución que estipulemos mentres non se realiza por completo o pensamento de establecer e erixir parroquia independente. V. E. recoñecerá que non está da miña parte facer máis e contando que na autoridade e celo de V. E. está facilitar que por este medio se cubran as necesidades espirituais dos moradores da Illa, tan pronto como a capela estea edificada dará coñecemento a V. E. para que se digne autorizar a súa bendición, e darlle título e advocación, que celebrarei, pregarei entón a V.E. sexa o de San Xoaquín por ser o nome da miña esposa a cuxo patrimonio pertence a illa.

Creo corresponder de este modo a los desexos de V. I. ao mesmo tempo que aseguro a V.E. atoparame sempre disposto a contribuir pola miña parte a que se realicen no seu día por completo aplanados todos os inconvenientes que no momento o dificultan e manténdose á casa os dereitos que de antigo tivo e conserva.

Descoñecemos a resposta exacta que dou o arcebisado pero non dubidamos que foi positiva pois a igrexa fíxose coa advocación solicitada aínda que como é habitual nestes casos, poñendo condicións. Todo isto confirmao unha cuartilla ou nota illada atopada entre os papeis citados e que parece ser copia da contestación ao Marqués en canto di: *"Para edificar unha capela na que oían misa os residentes e veciños da Illa de Ons..."*

E continúa dicindo que pode concederse *"a licenza sempre que se aseguren os gastos do edificio, a súa conservación e o estipendio do sacerdote que celebre..."*


Na parte inferior do escrito aparece con outra tinta e letra:

"Engade o Provisor que si o Marqués da o terreo e costea o edificio para parroquia regularmente quererá que se lle conceda o Padroado do curato".

Uns días despois o arcebispo remítelle unha carta ao Marqués felicitándose *"pola xenerosidade piadosa con que V.I. se presta a contribuir á execución de dita igrexa ofrecendo dar seu honorario de capelán [...] cando teña o gusto de recibir o aviso de estar concluída a Igrexa que VI me ofrece a mandarei bendicir coa advocación de S. Xoaquín a que VI a desexa consagrar".*

O día 12 de outubro de 1848 o Marqués de Valadares comunicalle ao arcebispo que xa está rematada a capela e que esta é *"unha capela na maior decencia e bastante capaz non só para que poida ter lugar o Santo Sacrificio da Misa senón para conter o Santísimo Sacramento e os Santos Óleos podendo, por lo tanto, o capelán que ali se sitúe administrar a Sagrada Eucaristía e a Santa Unción..."*

Ase mesmo que sinala cura para a bendición da mesma e lle propón por se non puidera ir o proposto sexa substituído por D. José Manuel Correa párroco de S. Andrés de Valadares. Curioso é que lle indica que ten que ser con bo tempo polo que o que se estaba a gozar eses días, *"segundo os intelixente"* non duraría máis que a presente lúa. Tamén lle indica que:



2004-Vista da capela. Foto: Afonso Fernández

¹⁸ Continúa debullando o número de veciños e procedencia. Resumo: Dos 36 residentes en Ons... 15 proceden de Beluso, 11 de Stº Tomé de Piñeiro, 1 de Ardán, 1 de Moaña, 1 de Noalla, 1 de Vilalonga, 1 de Nantes e 3 de Carreira. Tamén di que hai, ademais, 24 cultivadores eventuais (con acordos co Marqués) dos que 16 son de Beluso, 1 de Moaña e 7 de Sto. Tomé de Piñeiro.

“Ademais do patrón San Xoaquín teño disposto colocar no altar as imaxes da Santísima Virxe dos Milagres, San Ramón aos que tivo sempre por particular devoción miña familia, e os conservaba no oratorio da miña casa. E polo tanto rogo a V.E. se digne conceder por ditas efixies as ditas indulxencias...”

Non pasou unha semana e o arcebispo lle comunica que para bendicir a igrexa avisaría ao arcipreste do Morrazo e párroco de Vilaboa, D. José Quirós y Araujo¹⁹, e caso de non poder ir facultou a D. José Manuel Correa. E en canto ás indulxencias solicitadas: *Así mesmo concedo oitenta días de indulxencias aos fieis por cada vez que visiten a nova igrexa e nela pidan a Deus polas necesidades do reino.*

80 por cada vez que rezaren o Pai Noso e Ave María diante da imaxe de San Ramón Nonato e 80 rezando un Ave María, a ladaíña ou a salve diante da Nosa Señora dos Milagres logo que bendicidas estas imaxes se coloquen na igrexa”.

E por fin chegou o día da inauguración: o luns 30 de outubro. O párroco de Valadares, José Manuel Correa, describello ao arcebispo nos seguintes termos:

“... con data 7 de outubro último fun facultado por VE que falta de arcipreste de Morrazo D. José Quirós y Araujo párroco de Vilaboa para a bendición da capela das Illas de Ons e como é Sr. invitado ao obxecto se houbese retirado a causa da mala estación fixen a cerimonia relixiosa acompañado dos Sr. Marqueses e a súa familia o día 30 do mes de outubro, de modo e forma que proven do Ritual Romano e despois de observar atoparse a capela coa decencia correspondente ao Sto. Sacrificio que alí ía a celebrar, e sendo igual a isto os ornatos precisos ao obxecto, que tamén se bendixera coas imaxes que encerra”.

No mes de decembro o Sr. Marqués pon en coñecemento do prelado da diócesis, para solicitar licenzia, o nome do capelán co que tratou para levar a igrexa da illa: *“Este sacerdote é D. José Ramón Correa, irmán de D. José Manuel dunha conducta irrepreensible e de saber e intelixencia por cuxas apreciables circunstancias o estimo moito. Dedicouse porción de anos á ensinanza nesta cidade de gramática latina con notable aproveitamento sendo xa perceptor antes de secularizarse pois foi relixioso de VI San Francisco e [...] veuse precisado a ser capelán interino no lazareto de San Simón, cuxa circunstancia moveume para que a confianza que me inspira por seus boas prenda a proporcionarlle aquela colocación”.*

Por esas datas o capelán estaba *“indisposto”* pero pensábase que para o vindeiro verán xa podería facerse cargo da illa. Mais debeu atoparse antes mellor xa que no mes de xaneiro de 1849, “logo da Epifanía” José Ramón Correa trasladouse á illa como capelán e así o fai saber en sendas cartas ao arcebispo e a ao arcipreste poñéndose a disposición destas autoridades eclesiásticas.

Non pasaría un ano en que o Marqués de Valadares ten que propoñer a outro capelán para a illa xa que ao ver que José R. Correa *“non se adaptaba e como que cada vez se empeoraba houbo a necesidade de restituirse a esta cidade e por ilo elixin no seu lugar a D. José Monravia, sacerdote natural de Bouzas, que fai anos está de director do establecemento de Beneficencia desta cidade.”*

No 1854 temos constancia de que había problemas co capelán de Ons pois o alcalde de Bueu, Antonio Entenza, solicita do arcebispo poña remedio ao conflito de competencias que se dan no ámbito relixioso *“por que se ben ten alí un capelán para o Sto Sacrificio se ignora a quen corresponde dispoñer a administración dos demais sacramentos ocasionando con elo grandes sacrificios. Así pois é a súa vía que para suplir en parte este baleiro e se caer a súa totalidade, acoden a imploralo do párroco de Sta María de Beluso...”*

Non hai constancia dunha solución escrita a este problema. Do que si se coñece é que no futuro a dependencia dos capeláns á parroquia de Beluso tomou entidade xurídica ao depender xerarquicamente do seu párroco como coadxutores.

Ao longo dos anos seguintes van alternándose os períodos onde Ons ten novo capelán ou carece del. Como no 1877 que o arcebispo autoriza ao capelán de Ons para que ensine a doutrina, os confese, dea a Comunión, etc. Ou como no ano 1883, que non había, Francisco Vidal, ecónomo de Sta. María do Campo, solicita pasar a Ons *“para coidar espiritualmente aos seus veciños”*.

Con posterioridade, e xa estamos a finais do 1887, hai varios oficios nos que se dan informes, ao arcipreste e ao bispado, da situación da illa para vela necesidade de crear ou non unha entidade parroquial. Exemplo de solicitude para a creación dunha parroquia na Illa de Ons vémosla nunha carta datada no mes de setembro, do Gobernador Civil de Pontevedra ao Arcebispo de Santiago:

“Na ría á que da nome esta capital atópase situada a Illa chamada de Ons que dista máis de 3 leguas do pobo de Bueu o máis próximo, e está habitada por considerable número de veciños que forman una especie de colonia independente por máis que no relativo aos deberes católicos dos seus moradores está adscrita á parroquia de dito pobo”²⁰.

A súa situación e outras circunstancias especiais fixaron a miña atención sobre os inconvenientes que dilo xorde a necesidade de reparar un punto esencial cuxas consecuencias xa se tocaron.

A comunicación coa Illa imposible algunhas veces pola exposición da travesía especialmente no inverno, é de 8 en 8 días, ou de 15 en 15 días, sendo preciso ocupar tres horas polo menos, e non podendo facerse o momento necesario para estar suxeito ao temporal que reine, dada a estreiteza da boca da entrada, e o mal atracadoiro que ten.



Imaxes da igrexa de Ons. Foto: Afonso Fernández

¹⁹ Tamén era curmán do Marqués de Valadares.

²⁰ A adscrición da Illa a Bueu faise o 20 de novembro de 1844. Pode verse unha entrada referente a este evento no meu blog: <http://acidras.blogspot.com.es/2016/11/20-de-novembro.html>

Estes obstáculos invencibles motivaron que repetidas veces tivese que darse sepultura na praia aos que morren naquela localidade, dándose un espectáculo pouco edificante e moralizadores, ademais das consecuencias lóxicas de quedar expostos os cadáveres aos perigos do mar e dos animais; a parte da exposición polos habitantes da Illa polas emanacións pútridas que poidan producir, e non é aventurado atribuír a isto unha das causas das febres epidémicas que este verán se desenvolveron alí.

Ante tales feitos Ecmo. Sr. é a meu xuízo indispensable adoptar unha medida que repare o mal e que evite consecuencias futuras, e pareceume oportuno poñelo en coñecemento de V.E. por se estimara a conveniencia de establecer unha parroquia na Illa de que se trata..."

A resposta do Arcebispo ao Gobernador Civil de Pontevedra non se fai esperar e de forma educada pero contundente:

"Agradezo a advertencia que V.I. se sirve facerme, e a tomarei en consideración; e dado que non está na miña man establecer novas parroquias pola oposición do goberno, que rexeita gravar o presuposto, mirarei se hai algún outro medio de ocorrer a esta necesidade."


O arcebispo, a pesar dos atrancos, toma cartas no asunto e solicita información aos curas de Bueu, Beluso, Noalla, Vilaboa, e Híu unha carta moi semellante a esta que mandou o 8 de outubro de 1887 ao cura de Salcedo, como Arcipreste do Morrazo:

"A Autoridade superior civil desa provincia recorreu a min lembrándome as necesidades especiais dos habitantes da Illa chamada de Ons, a cal pola moita distancia da parroquia se atopa desatendida.

Sírvase, pois, asegurarse do número de veciños que hai en dita illa; da distancia que a separa da parroquia; das dificultades que hai para ir a ela a cumprir os deberes relixiosos e das que teña tamén o clero parroquial para ir a celebrar misa alí os días festivos e demais razóns que poida alegar para non facelo.

Así mesmo manifestarame cal sexa a capacidade do templo ou ermida que alí hai e que recurso queda a xuízo de V. para remediar tal necesidade, xa que non está na miña man exixir novas parroquias".

"Estes curas non aportaron nada novidoso e aos poucos anos a illa queda sen capelán polo que no Boletín Oficial del Arceobispado de Santiago, xornais como El Eco de Galicia e outros no primeiro trimestre de 1891 ofertase unha praza de capelán para a illa nos seguintes termos:




"Necesítase un capelán que resida na illa de Ons, para atender ás necesidades espirituais de aqueles fieis. O arrendatario ofrece dar ao sacerdote, que se preste a servir na indicada capellanía, casa-habitación, un anaco de horta para legumes e tres reais diarios. A señora marquesa de Valadares contribúe cun real diario, e cada veciño (que son máis de 80) da un ferrado de millo, se o capelán pon escola de nenos. Os que aspiren á obter o cargo expresado poden dirixirse á secretaría de cámara [do arceobispado]".

Será en 1892 cando opte á praza de capelán de Ons o coadxutor de Santa Eulalia de Castro, D. Ramón Guerra Azofre que sería o que máis tempo exerceu este cargo vivindo na illa, xa que o fixo por case 20 anos²¹. En boca de Salustiano Portela era un capelán "con moi estreito 'pasar'". Mesmo no 1896 o Secretario do concello, Nicolás M^a Seijo, manda un comunicado ao prelado de Santiago encomiando a súa actuación na illa. Para dar unha idea do espírito deste cura témolo coa súa actuación ante un naufraxio dunha lancha de Marín, o 3 de xuño de 1899 que contemplando como tres mariñeiros que non sabían nadar estaban agarrados á quilla da lancha achegouse cuns mariñeiros nunha dorna "e con grande traballo, recolleunos e levounos a unha praia da illa onde foron embarcados nun vapor que acababa de prestar servizo no faro, o "Riotesa", que os trasladou ata Marín"²².

1891- Boletín Oficial do Arceobispado. N^o 1242

No ano 1921 a illa está en pé de guerra contra o seu propietario Manuel Riobó Guimeráns. Despois duns intentos dos insulares de non acatar a autoridade do Dr. Riobó este ao través do xuíz municipal forza, como último recurso para non baleirar a illa de persoas, asinar un acta de Conciliación (30-11-1921) entre el, como propietario, e os colonos de Ons. Este tiveron que recoñecer como "domo absoluto de dita Illa ao Sr. Riobó". As cláusulas asinadas zumegan unha humillación terrible, propias dun réxime feudal. Mais en canto ao orde e moralidade no punto sexto de dito documento podemos ler:



1998-Altar e sagrario. Pila bautismal.

"O Sr. Riobó acepta todas as anteriores estipulacións e lles

²¹ En 1913 pasou como coadxutor á parroquia de Mourente (Pontevedra).

²² Entrada no blog "O capelán de Ons, nunha dorna, rescata tres naufragos": <http://goo.gl/l6jRq1>

outorga o perdón solicitado, condicionándoo ao cumprimento exacto dos deberes e obrigacións que ofrecen gardar no sucesivo; comprensivos non tan só na realización de canto concirna aos contratos de arrendamento, senón que moi principalmente, gardando obediencia, respecto e consideración ao Sr. Riobó e a quen lle represente, levando o orde e a moral nas respectivas familias, e en todos os actos públicos que na Illa executen, cumprindo así todos os deberes relixiosos, para o cal o Sr. Riobó porá da súa parte todo o posible, ao fin de conseguir o culto e a ensinanza²³ na Illa, para que nunca poida dicirse, que alí se deixan criar sen educar, xeracións de seres dexenerados.”



1989-Estado ruinoso da capela.
Foto: Afonso Fernández

Había longas tempadas nas que a illa estaba sen capelán. E dos que houbo, poucos foron os que viviron de forma permanente nela polo que sería o reitor de Beluso, e logo o coadxutor, os que deron en desprazarse os días festivos ou en eventos como os enterros. Outro exemplo dos que nos consta que estiveron vivindo na illa como os Correa, Monravia e Ramón Guerra, xa mencionados, foi Manuel Fernández Cambeiro, irmán do mestre da illa Joaquín Fernández Cambeiro, que desde que é nomeado, principios do mes de xullo de 1930, pasa a vivir na mesma coa súa irmá Dulce. En agosto de 1934 sae da illa para tomar posesión como coadxutor en Ribeira²⁴.



1998-San Xaquín. O oficiante é D. Ramón Beiro Formoso, nese momento párroco de Bueu. Cando mozo estivera de coadxutor en Beluso e como capelán da Illa de Ons.
Foto: Afonso Fernández

E así chegamos ao ano 1964 en que Ons pasa a depender do Instituto Nacional de Colonización. Esta institución acabou definitivamente coa vella capela ao construír unha nova dentro do conxunto de actuacións e arranxos de edificios públicos escolas, peirao, etc. Será a finais desta década



2007-Manifestación en Ons.
Foto: Afonso Fernández

cando se pasen a celebrar todos os oficios relixiosos á nova capela.

O abandono da vella implicou o seu deterioro acelerado por un incendio a causa dunhas velas colocadas co gallo da Semana Santa. E así chegamos ata finais dos anos noventa do século pasado onde é una vez máis restaurada o que motivou que a pesar de ter a igrexa nova algún ano volveu a celebrarse a festa de S. Xoaquín nela.

Que a igrexa vella de Ons aínda está no corazón e nas raíces das xentes de Ons pono de manifesto a utilización, nalgún momento da historia recente, do seu recinto para expresar as súas reivindicacións relacionadas coa Illa.

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Romero, Fernando. “Cuadernos de Estudios Gallegos”. XXXII. nº. 96-97. CSIC. 1981. Páx. 285-306
- Arquivo Diocesano. Fondo Xeral. Serie Varia. Arciprestazgo do Morrazo . Parroquias A-B. Santiago de Compostela.
- Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobleza. Arquivo dos Marqueses de Mos.
- Arquivo Municipal de Bueu.
- Arquivo Provincial de Pontevedra (AIHP). Catastro de Ensenada.
- Aunios. Revista da Asociación Piñeiróns.
- Ayuso Marazuela, Teófilo. “La Vetus Latina Hispana: Prolegómenos”. Tomo I. Madrid. 1953
- Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago: Año XXX Número 1242 - 10 Marzo 1891
- Estévez Castro, José M^a. “Reconocer Bueu” (1996). Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Fariña Jamardo, Xosé. “A adscripción municipal da Illa de Ons”. Pontevedra nº 4 páx. 133-142. Revista de estudos provinciais. Deputación Provincial de Pontevedra, 1990.
- López Ferreiro, Antonio. “Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela” Tomo I. (1898). Santiago de Compostela.
- Pazos Pérez, Lino. “Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas” (1999). Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Portela Pazos, Salustiano. “Apuntes para la historia de la Isla de Ons”. “Cuadernos de Estudios Gallegos”. XXVII.1954. P. 35-73. CSIC. Instituto Padre Sarmiento.

²³ Por esas datas había una escola mixta rexentada por José Juan Piñón Mouriño que ao non vivir na illa provocaba un gran absentismo por culpa das inclemencias do tempo.

²⁴ Sanchez Cidrás, A. “A escola da Illa de Ons”. Revista Aunios nº 20 páx. 77 e 79. Pódese ver tamén nas webs que se redireccionan desde <http://bueu.ga> ou xa directamente ao artigo en <https://goo.gl/hHqZxH>